



NORMATIVA REGULADORA DA DOCENCIA EN INGLÉS NAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015 e modificada nos Consellos de Goberno do 14 de abril de 2016, do 23 de xullo de 2019, do 28 de setembro de 2022 e do 3 de novembro de 2022)

## Exposición de motivos

A UDC está a apostar fortemente pola docencia en inglés como medida de internacionalización na casa. Para o estudantado propio a vantaxe principal e directa proxéctase na mellora das súas competencias lingüísticas en inglés, a través da aprendizaxe integrada de contidos e linguas; isto favorece a súa mobilidade académica e profesional e dalle a oportunidade de estudar e traballar nun contorno internacional e multicultural.

Por outra banda, a docencia en inglés mellora o atractivo da oferta académica da UDC de cara a potenciais estudantes estranxeiros, tanto para os que buscan obter unha titulación oficial, como os estudantes de intercambio ou visitantes. Así mesmo, aumenta as posibilidades de establecer dobres titulacións e titulacións conxuntas de carácter internacional.

O Plan estratéxico aprobado polo Claustro da UDC en 2013 establece como obxectivo ampliar a oferta de titulacións plurilingües na UDC; reto que tamén se expresa no recente Plan estratéxico de internacionalización das universidades españolas, aprobado polo Consello de Universidades, en febreiro de 2015.

A implantación de estudos plurilingües é un paso moi significativo cara á internacionalización da UDC, que require o esforzo conxunto de toda a comunidade, especialmente dos profesores que imparten docencia en inglés, sendo compromiso da UDC incentivar este esforzo.

Para consolidar estas iniciativas e cara á súa calidade e viabilidade, cómpre establecer unhas normas xerais que determinen o papel dos diferentes centros na implantación e o seguimento dos programas de docencia en inglés e que definan a participación dos profesores e os estudantes nos devanditos programas.

De acordo co anterior, a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación propúxolle ao Consello de Goberno do 30 de abril de 2015 as seguintes normas.

## **ARTIGO 1. Procedemento de implantación, aprobación e seguimento nos centros dos programas de docencia en inglés**

1. Os programas de docencia en inglés que se establezan nas diferentes titulacións da UDC serán aprobados polo órgano do centro que teña atribuídas as competencias para decidir sobre as titulacións implicadas (xa sexa a Xunta de Facultade ou, de ser o caso, as Comisións de Coordinación do Máster), logo de ser autorizados pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente e pola Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.



2. Os programas de docencia en inglés terán como obxectivo, en xeral, a implantación progresiva de titulacións bilingües –de grao ou posgrao–, en que se imparta, polo menos, un 50 % dos créditos en inglés. Outros modelos (oferta de bloque de materias en inglés, ou titulacións integramente en inglés, por exemplo) terán que contar cunha xustificación específica.

3. A implantación do programa bilingüe será paulatina, ano a ano, e comezará polo primeiro curso da titulación, agás que razoablemente se demostre a conveniencia dun sistema de implantación diverso.

4. As materias que formen parte da oferta en inglés deberán impartirse integramente nesta lingua, tanto no que se refire á docencia maxistral como á interactiva e as titorías. Tamén se redactará en inglés a guía docente da materia e os materiais didácticos que se empreguen directamente. A avaliación será en inglés.

5. Para a súa viabilidade, o programa de docencia en inglés que se aprobe no centro haberá de especificar:

- a) As materias que se imparten en inglés en cada curso.
- b) O profesorado que asume esa docencia.
- c) A estrutura dos grupos para esta docencia e a cronoloxía de implantación do programa para acadar o 50 % dos créditos da titulación en inglés.

Os grupos que se poidan formar para a docencia en inglés non suporán a contratación de profesorado.

6. Á marxe da publicidade e promoción que faga a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación a través das súas propias canles, o centro deberá proporcionar información sobre a existencia do programa, a súa configuración e o xeito de tomar parte neste, na súa web e no momento da matrícula.

7. Corresponde ás comisións académicas da titulación, no marco do Sistema de Garantía da Calidade da UDC, o seguimento do desenvolvemento destes programas de docencia en inglés, e poderán transmitir á vicerreitoría competente propostas de mellora ou de revisión cando se estime oportuno.

## **ARTIGO 2. Docentes que participen nos programas**

1. Os docentes que participen deberán acreditar a súa capacidade para impartir docencia en inglés dalgunha das seguintes formas:

1. Mediante a certificación dun C1 do MCRL a través dunha certificación oficial;
2. Mediante un diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC, especialmente na destreza oral;



3. Acreditando que impartiu docencia en inglés en universidades estranxeiras mediante o nomeamento de *visiting professor*; e xustificando documentalmente a docencia impartida.
4. Mediante a realización das actividades especialmente deseñadas para tal fin no PALDI, segundo o establecido no artigo 5.3.

Excepcionalmente, poderán revisarse outras vías de acreditación diferentes ás mencionadas anteriormente mediante unha solicitude razoada do profesor á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación. Para acreditar a dita capacidade, os docentes disporán dun prazo máximo de dous cursos académicos, que comezará a contar desde o inicio da docencia nesta lingua.

2. Para os docentes que se incorporen a estes programas de docencia en inglés, cada crédito presencial das ditas materias computará como 1,5 créditos no POD do profesorado, ata un máximo de 30 horas anuais segundo as circunstancias da titulación e os recursos dispoñibles. Para tal efecto, os departamentos deberanlle remitir á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, co visto e prace das direccións dos centros onde se imparta a docencia, as solicitudes de redución, co fin de que se autorice a súa inclusión no POD.

A titorización de TFG e TFM non requirirá a mencionada acreditación lingüística do profesorado.

3. O profesorado que forme parte dos programas de docencia en inglés terá dereito a continuar tres anos consecutivos impartindo a mesma materia nesa lingua.

4. Para facilitar a súa formación continua e auxilialo en tarefas metodolóxicas, o profesorado que participe nos programas de docencia en inglés poderá participar no Plan de apoio á docencia en inglés, nas condicións que se expresan no artigo 5.2 deste plan. En particular, poderán acceder ao Curso de Inglés como Lingua de Instrución (30 horas), expresamente concibido para tal fin.

5. Unha vez comprobados en cada caso os requisitos mencionados no artigo 2.1, a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación emitirá a correspondente certificación que habilite o profesorado para impartir docencia nesa lingua na UDC, o cal será mérito expresamente recoñecido no programa Docentia da UDC.

### **ARTIGO 3. Incorporación dos estudantes aos programas de docencia en inglés**

1. Nos programas de docencia en inglés poderanse matricular estudantes regulares ou de intercambio.
2. A forma de participación dos estudantes nos programas de docencia en inglés será comunicada polos centros con suficiente antelación ao comezo da cada curso académico.
3. Para a viabilidade dos programas bilingües, o número de estudantes matriculados no primeiro curso do grupo de inglés debe ser como mínimo de 10. Se non se chega a esa cifra



para o ano académico correspondente, e non se forma o grupo, os estudantes internacionais cos que haxa compromiso de docencia en inglés –e que non queiran mudar ao grupo de galego/español– recibirán a súa docencia a través da modalidade de titorías, que xerará un desconto docente de 15 horas para o profesorado implicado.

4. O alumnado que sexa admitido no grupo de inglés disporá de quince días para realizar o cambio aos grupos de galego/español. Unha vez superado este prazo, excepcionalmente e en casos xustificados, o centro poderá conceder o cambio de grupo.
5. Os estudantes terán a oportunidade de redactar e defender os TFG e TFM en inglés, o que lles computará na porcentaxe de créditos necesarios para acadar o título bilingüe.
6. Así mesmo, entrarán na dita porcentaxe de créditos as materias cursadas en destino mediante un programa de mobilidade cuxa lingua de instrución acreditada sexa o inglés.
7. Todas as materias do plan de estudos que se cursaran en inglés reflectiranse no expediente académico do estudante, facendo constar esta circunstancia nas certificacións académicas expedidas pola universidade. Ademais, consignarase no Suplemento Europeo ao Título (SET) a mención dos estudos superados en inglés.

#### **ARTIGO 4. Acreditación da competencia lingüística do estudiantado**

1. Acceso a estudos de grao con itinerario en inglés:

O alumnado deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- a) Que posúe unha certificación oficial de nivel B1 (ou B2 no caso das titulacións que así o requiran) de inglés. Só se admitirán as certificacións recoñecidas pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior, que se poden encontrar en [https://www.acles.es/files/ckeditor/tablas\\_de\\_certificados\\_reconocidos\\_por\\_acles\\_9.pdf](https://www.acles.es/files/ckeditor/tablas_de_certificados_reconocidos_por_acles_9.pdf) e os aceptados polas mesas lingüísticas da CRUE: <http://www.crue.org/Documentos%20compartidos/Certificados%20para%20la%20acreditaci%C3%B3n%20de%20niveles%20de%20ingl%C3%A9s.pdf>.

O Centro de Linguas publicará coa suficiente antelación as datas dos exames para certificacións oficiais a que se poderá presentar o estudiantado coa finalidade de acreditar o seu nivel de idioma.

- b) Que superou un curso equivalente a 4º da ESO ou superior en sistemas educativos de lingua inglesa.
- c) Que posúe o diploma de asistencia e aproveitamento a un curso de B1.2 ou superior do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.

2. Acceso a estudos de máster:



O alumnado deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- a) Que cumpre algún dos requisitos do punto 1 desta instrución (a, b ou c).
- b) Que realizou unha estadía académica durante os seus estudos de grao ou de máster de, polo menos, un cuadrimestre. É preciso que durante a estadía se superaran, polo menos, 18 créditos correspondentes a materias impartidas en lingua inglesa.

Quedan eximidos de acreditar o idioma os graduados (anteriormente licenciados) das titulacións en que o inglés sexa lingua de instrución de, cando menos, o 50 % das materias cursadas de acordo co artigo 1, apartado 2 do presente regulamento.

Así mesmo, queda eximido de acreditar este requisito o estudantado procedente dos graos de Estudos Ingleses, os de Tradución e Interpretación, Linguas Modernas e outros de similar condición impartidos en universidades españolas ou estranxeiras, en que se acredite documentalmente ter cursado o nivel B1 ou superior en lingua inglesa.

No caso de que o alumnado non poida acreditar ningunha das condicións previas, tanto de acceso a grao como a máster, no momento da matrícula, disporá de prazo ata o inicio do segundo cuadrimestre para conseguir a dita acreditación. O incumprimento deste requisito suporá que o/a alumno/a non poderá continuar no programa bilingüe excepto cunha prórroga concedida pola comisión académica do centro.

Se esta prórroga non se concede, a/o estudante incorporárase nese mesmo curso ao programa non bilingüe, xestionándose as materias de acordo coas seguintes regras:

- 1) Nas materias superadas no primeiro cuadrimestre manterase a cualificación e a condición de ter sido cursadas no programa bilingüe.
- 2) Nas materias non superadas no primeiro cuadrimestre, a/o estudante examínase da segunda oportunidade a través do programa bilingüe:
  - a) Se supera a materia, aplicaráselle o establecido no punto anterior.
  - b) Se non supera a materia, aplicaráselle o establecido no punto anterior ata que se matricule de novo nela, momento en que se eliminará a condición de ter sido cursada no programa bilingüe.
- 3) As materias do segundo cuadrimestre perderán a condición de materias do programa bilingüe nese mesmo curso académico, polo que deberán cursarse no programa non bilingüe.

Finalizado o curso académico no que a/o estudante foi excluída/o do programa bilingüe, as seguintes matrículas realizaranse a través do programa non bilingüe.

## **ARTIGO 5. Plan de apoio lingüístico á docencia en inglés**

1. Baixo a coordinación do Departamento de Letras (Sección de Inglés) da UDC, desenvólvese un Plan de Apoio Lingüístico á Docencia en Inglés (PALDI) para procurar a formación continua do profesorado que forma parte dos programas de docencia nesta lingua.



2. Ao inicio do curso académico, facilitarase o programa de actividades formativas do PALDI, en que poderán participar o profesorado que forme parte destes programas, e nos que terá preferencia. Se houberse prazas vacantes, serán ofertados ao resto do PDI.

3. O profesorado que non dispoña da acreditación lingüística referida no artigo 2.1, terá que realizar unha das seguintes actividades deseñadas para tal fin: a) superar o Curso de Inglés como Lingua de Instrución, de 30 horas, que se impartirá antes do inicio de cada semestre académico; ou b) realizar unha proba específica de avaliación da capacidade para impartir docencia en inglés.

#### **ARTIGO 6. Aplicación ao alumnado**

Esta normativa aplicarase ao alumnado que comece os seus estudos na UDC a partir do curso 2020-2021.

#### **ARTIGO 7. Entrada en vigor**

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na sede electrónica da Universidade da Coruña.